



ESPECIALISTAS EN CARDIOLOXÍA, ATENCIÓN PRIMARIA, ENFERMARÍA, FISIOTERAPIA E OUTROS PROFESIONAIS DA SANIDADE POÑEN EN COMÚN O TRATAMENTO DE PACIENTES CON CARDIOPATÍAS

- *O III Congreso de Continuidad Asistencial Cardiología-Atención Primaria 2024, pon o foco nesta edición no risco cardiovascular e rehabilitación cardíaca*
- *Esta convocatoria anual constitúe un encontro de gran transcendencia, xa que permite por en común e xerar sinerxías entre as e os diferentes profesionais que interveñen na detección, tratamento e rehabilitación de persoas con procesos cardiovasculares e/ou rehabilitación cardíaca*
- *Un dos aspectos máis salientables é a implantación en Atención Primaria das Fases II e III de rehabilitación*

Vigo, 22 de abril de 2024.- Coñecer as necesidades doutras especialidades médicas e, en especial da Atención Primaria, e o establecemento de sinerxías no relacionado cos principais procesos cardiovasculares e rehabilitación cardíaca é o tema principal que se abordou no *III Congreso de Continuidad Asistencial Cardiología-Atención Primaria 2024*, que se celebrou entre a tarde do venres, día 19, e a mañá do sábado 20 de abril, no salón de actos do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, organizado polo Servizo de Cardiología e a Unidade de Rehabilitación Cardíaca do Hospital Álvaro Cunqueiro, e o Grupo de Traballo Cardiología-Atención Primaria da Área Sanitaria de Vigo, xunto coa Dirección Asistencial de Atención Primaria da Área Sanitaria de Vigo e a Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur.



Desta forma, profesionais dos Servizos de Cardiología e de Atención Primaria, Enfermaría de Cardiología, Fisioterapia e outros servizos médicos implicados no diagnóstico, manexo e prevención das patoloxías cardiovasculares, tiveron a oportunidade de actualizar os seus coñecementos nestes procesos e nos circuitos e criterios de mellora da continuidade asistencial, poñendo o foco nesta terceira edición no risco cardiovascular e rehabilitación cardíaca.

Neste simposio, que chegou xa á súa terceira edición, a organización correu a cargo do Grupo de Traballo Cardiología-Atención Primaria da Área Sanitaria de Vigo, estando dirixido pola Dra. Marisol Bravo Amaro, coordinadora da Unidade de Prevención de



Risco Cardiovascular e Rehabilitación Cardíaca, e o Dr. Andrés Íñiguez Romo, xefe do Servizo de Cardiología do Hospital Álvaro Cunqueiro.



Achegar a rehabilitación a quen precise

Os organizadores desta edición estableceron o formato do presente simposio en tres módulos. O primeiro deles tratou de poñer de manifesto o manexo do risco cardiovascular dende a perspectiva da cardiología, para seguir coa exposición da perspectiva da Atención Primaria, sendo esta posta en común o obxectivo esencial deste encontro profesional. Este módulo realizouse na tarde da primeira xornada.



O segundo módulo tratouse dun aspecto de gran importancia, ao tratar do proxecto de implantación da Fase II en Atención Primaria. Trátase dun proxecto piloto no que se exporán criterios obxectivos que puideran permitir a derivación desta Fase II a centros



piloto de Atención Primaria. Hai que ter en conta que, na actualidade esta rehabilitación de Fase II lévase a cabo no ximnasio intrahospitalario da Unidade de Prevención de Risco Cardiovascular e Rehabilitación Cardíaca no Hospital Álvaro Cunqueiro.

Así mesmo, presentáronse e analizáronse para a posible implantación nun futuro tamén da Fase III (fase de mantemento).

Finalmente, o terceiro módulo versou sobre o seguimento máis axeitado de pacientes con cardiopatía crónica, a través da análise de diferentes casos clínicos. Estes dous últimos módulos estaban previstos para a mañá do sábado, 20 de abril.

Novidade

Ademais dos anteditos grupos de profesionais, tamén se achegaron a Vigo especialistas e profesionais doutras comunidades autónomas. Tamén, nesta terceira edición tivo como novidade a presenza nunha das mesas de debate a voz dos e das pacientes e as súas familias, a través da participación nelas de representantes de diferentes asociacións de pacientes relacionados con enfermidades cardíacas e cardiovasculares, así como outros axentes sociais activos, fomentando a participación cidadá.

de profesionais, tamén se achegaron a Vigo



Segundo a organización, tivo unha asistencia presencial superior ás 150 persoas, ás que houbo que engadir aquelas que participaron a través da canle en streaming habilitada para este simposio.